

# CENTRO TECNOLÓGICO DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA



**Situación:** Pol. ind. A Granxa, Rúa A, 249-250  
36400 O PORRIÑO (Pontevedra)  
**Teléfono:** 986 900 300  
**Fax:** 986 900 301  
[www.ctag.es](http://www.ctag.es)  
[ctag@ctag.es](mailto:ctag@ctag.es)



Por iniciativa de CEAGA (Cluster de Empresas de Automoción de Galicia) e PSA Peugeot Citroën, o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia – CTAG creouse en 2000 para ofrecer solucións tecnolóxicas avanzadas ao sector do automóbil e apoiar ás industrias do sector na súa modernización e adaptación ás novas tecnoloxías. A misión de CTAG é contribuír ao aumento da competitividade das empresas de automoción, mediante a apropiación e transferencia de tecnoloxías relacionadas, así como orientar e impulsar o desenvolvemento, a investigación e a innovación tecnolóxica no sector.

## Recursos humanos

Actualmente traballan en CTAG 264 persoas (85 mulleres e 179 homes).

## Organización / Áreas de traballo

A figura elixida para xestionar CTAG é a de fundación privada sen ánimo de lucro, na que participan, como membros do seu Padroado, as empresas do sector de automoción, institucións académicas, entidades financeiras e as administracións públicas. As principais áreas de competencia do centro tecnolóxico son: Seguridade, Novos materiais e procesos asociados, Electrónica e ITS (Intelligent Transportation Systems), HMI (Human Machine Interface) e ergonomía, Medio ambiente, Xestión da innovación e o coñecemento.

## Instalacións / Equipamento

As instalacións do CTAG ocupan unha extensión de 17.200 m<sup>2</sup> dos cales a superficie cuberta alcanza os 9.500 m<sup>2</sup>, distribuídos entre un edificio central no que se atopan as áreas de enxeñería, desenvolvemento, innovación e ensaios así como os servizos xerais, salón de actos, biblioteca e aulas de formación, e un edificio anexo onde se atopan as instalacións de seguridade pasiva.

As instalacións contan con completos laboratorios (climático, vibracións, acústico, metroloxía e materiais, fatiga e durabilidade, motores, prototipado rápido, electrónica, ergonomía e biomecánica, impacto, etc.), onde se poden atopar, entre outros equipamentos, os seguintes: simulador avanzado de conducción, catapulta inversa, equipos de prototipado rápido, cámaras climáticas, ferramentas de simulación etc. As instalacións se completan cun salón de congresos, aulas de formación, boxes confidenciais para cliente, etc.

## Servizos

Os servizos aportados polo CTAG abarcan calquera proxecto relacionado con novos produtos (xa sexa un compoñente concreto ou sistemas completos) independentemente da súa natureza. O equipo técnico conta cunha ampla experiencia no desenvolvemento de cada unha das fases



do ciclo de vida dun produto; desde o deseño e concepción, pasando pola fabricación de prototipos e pre-series, ata a realización de ensaios de validación ou o desenvolvemento da industrialización, podendo levar a cabo proxectos orientados á optimización de procesos.

Os servizos que ofrece o centro distribúense en seis áreas:

- Ensaíos (con laboratorios de metroloxía, materiais, ensaios climáticos, acústica e vibracións, fatiga e durabilidade, motor, automatización e instrumentación).
- Seguridade pasiva (integración de sistemas de retención, deseño de elementos do sistema de impactos, ensaios de absorción de enerxía e análises do comportamento anti-impacto de materiais e compoñentes, simulación virtual, laboratorio de impacto).
- Enxeñería (apoio na creación de proxectos en áreas en cada unha das fases: deseño e cálculo, prototipado rápido, industrialización, fabricación en serie).
- Ergonomía e biomecánica (aplicacións a produto, aplicacións a proceso, aplicacións de biomecánica e saúde laboral).
- Electrónica (deseño electrónico, validación de compoñentes electrónicos, desenvolvemento de software).

## Proxectos destacados

- "NATURPLAS - Novos materiais baseados en recursos naturais da Eurorrexión: aplicacións na industria do automóbil". Proxecto INTERREG
- "AVISOS - Análise e deseño de estratexias de aviso para sistemas avanzados de axuda á conducción mediante probas en simulador de conducción dinámico". Proxecto PROFIT
- "EUROFOT - European Large-Scale Field Operational Tests on In-Vehicle Systems" Proxecto do VII Programa Cadro

## Colaboracións, convenios ou alianzas con outras entidades

CTAG ten unha vocación de cooperación e de procura de alianzas con outras entidades, destacando:

- A sociedade creada con IDIADA Automotive Technology para xestionar os recursos da área de seguridade pasiva a través da sociedade CTAG-IDIADA Safety Technology.
- Convenio de colaboración có CEIIA de Portugal, para unha maior colaboración transfronteiriza.
- Os acordos coa Universidade e centros locais e rexionais co fin de incrementar a capacidade investigadora, compartindo recursos tanto técnicos como humanos.
- A participación en asociacións e organismos de carácter tecnolóxico nacionais e europeos como STA e Ertico.

## Acreditacións e certificacións

Consciente da importancia da calidade, da protección do medio ambiente, da seguridade da información e da xestión da I+D+i, CTAG dispoñe dun sistema de xestión que dá resposta aos ámbitos mencionados e que conta coas seguintes certificacións: UNE EN ISO 9001:2000, UNE EN ISO 14.001:2004, e UNE EN ISO/IEC 17025:2005.

## Propiedade industrial

CTAG está a seguir unha estratexia de protección dos seus resultados de investigación, dando como resultado en 2008 unha primeira solicitude de rexistro de patente, á que se engadirán varias máis nos meses vindeiros.